



**C O N C E L L O**  
DE  
**M O E C H E**  
(A CORUÑA)

Núm. ....

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOECHE O DIA 22 DE ABRIL DE 2015**

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Moeche, sendo as 19,30 horas do día 22 de abril de 2015, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Xulio Cribeiro Garcia, reunense os Srs./as Concelleiros/as que se citan:

- D. Roberto Bouza Sedes.
- D. M<sup>a</sup> Luz Lopez Lopez
- D. M<sup>o</sup> Pilar Carballal Pita
- D. Beatriz Bascoy Maceiras
- D. Jorge Juan Brañas Castro
- D. Magin Fernando Lago Tuimil
- D. Jorge Gonzalez Aneiros
- D. Aquilino Sueiras Dopico

Asistidos da Secretaria da Corporación D. Consolación Couce Calvo, co obxecto de celebrar sesión ordinaria para a que foron previamente citados, constando en Secretaría o recibí de citación á sesión por parte de tódolos membros que o compoñen.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos, conforme á orde do día que figura na convocatoria de citación á sesión

**1.- APROBACION, SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIONS ANTERIORES .- ORDINARIA DE 18-02 E EXTRAORDINARIAS DE 13-02, 13-03 E 16-04 DE 2015**

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes prestou a súa aprobación as actas que se indican

- Acta da sesión extraordinaria de 13 de febreiro de 2015
- Acta da sesión extraordinaria de 18 de febreiro de 2015
- Acta da sesión extraordinaria de 13 de marzo de 2015
- Acta da sesión extraordinaria de 16 de abril de 2015.- Coa salvidade, aprobada por unanimidade dos asistentes no punto 3º, correspondente a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 3/2015, onde pon "**Sr. Cribeiro Garcia**, *habría que preguntarlle a traballadora social que lista de espera hai, pero o Servizo de axuda no fogar vaise a ampliar proximamente*" debe poñer "**Sr. Cribeiro Garcia**, *non sei canta xente hai en lista de espera para a prestación do servizo de axuda no fogar, habría que preguntarlle a traballadora social pero o Servizo de axuda no fogar vaise a ampliar proximamente*"



## 2.- DACION DE CONTAS DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Rgto. de O.F. e R.X das Entidades Locais dáse conta o Pleno da Corporación das Resolucións adoptadas pola Alcaldía no período comprendido entre o 13 de febreiro e o 17 de abril de 2015, é que son as seguintes:

Nº	DATA	DESCRIPCIÓN
13	17-02-2015	Aprobación expediente de modificación de créditos 1/2015
14	18-02-2014	Autorización uso local social de Abade
15	18-02-2015	Solicitud axuda para financiamento das cuadrillas de obras e servizos municipais
16	18-02-2015	Solicitud participación no programa de socorrismo da Deputación Provincial
17	19-02-2015	Autorización de uso do local da biblioteca municipal
18	26-02-2015	Aprobación da liquidación do orzamento de 2014
19	26-02-2015	Recoñecemento trienio a funcionario
20	27-02-2015	Autorización de uso do local social do Pereiro
21	02-03-2015	Rectificación de datos no padrón municipal de habitantes
22	03-03-2015	Autorización asistencia de persoal municipal a xornadas formativas
23	04-03-2015	Autorización uso local social de Abade
24	13-03-2015	Aprobación marcos orzamentarios a medio prazo
25	13-03-2015	Autorización uso local social de Abade
26	19-03-2015	Autorización celebración feira do cabalo
27	25-03-15	Solicitud de subvención para prestación dos servizos sociais comunitarios
28	26-03-2015	Autorización uso nave do recinto feiral
29	31-03-2015	Autorización uso local social de Abade
30	06-04-2015	Delegación competencias da alcaldía
31	06-04-2015	Aprobación expediente de modificación de créditos 2/15
32	09-04-2015	Aprobación expediente de modificación de créditos 4/15
33	13-04-2015	Cambio de domicilio e alta no padrón municipal de habitantes
34	14-04-2015	Aprobación padrón fiscal abastecemento auga e sumidoiro, 1 bimestre 2015
35	15-04-2015	Autorización uso local social de Abade
36	15-04-2015	Solicitud participación da rede cultural da Deputación
37	16-04-2015	Solicitud subvención para promoción da información xuvenil

A Corporación queda enterada

A Sra. Bascoy Maceiras formula as seguintes preguntas

- Cantos cartos se destinan as actuacións incluídas na Rede Cultural da Deputación, solicitadas na resolución nº 36, resposta o Sr. Alcalde que non o sabe, habería que preguntarlle a responsable de cultura.







**C O N C E L L O**  
DE  
**M O E C H E**  
(A CORUÑA)

Núm. ....

- Na resolución nº 30 se delegan no concelleiro Sr. Bouza Sedes as competencias para asinar a acta de recepción definitiva de diversas obras, pregunta se xa se asinaron esas actas e se as asinou o Sr. Bouza Sedes, resposta o Sr. Alcalde que o Sr. Bouza sedes e unha persoa da súa total confianza e que inda que non teña a delegación expresa como concelleiro de obras e o que se ven encargando do tema, e que polo tanto si que foi o encargado de asinar as actas de recepción das obra, a Sra. Bascoy Maceiras pregunta se entón temos que entender que e o Sr. Bouza Sedes o responsable de que as obras estean ben, respostando o Sr. Bouza Sedes indicando que a recepción a firma o director da obra que e o que sabe como están as cousas

**3.- POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGAMENTO NO 1º TRIMESTRE DE 2015**

En cumprimento do establecido no art. 5º.4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, ponse en coñecemento da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos de pagamento das obrigacións correspondente o 1º trimestre de 2015 elaborado polos servizos económicos do Concello, do que se deduce o cumprimento de prazos de pagamento durante ese período.

A Corporación queda enterada

**4.- POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACION DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2014**

De acordo con canto establecen os artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, ponse en coñecemento do Pleno da Corporación a liquidación do orzamento de 2014, aprobada por resolución da Alcaldía de data 23 de febreiro de 2015 co seguinte resultado

**Resultado presupostario do exercicio**

CONCEPTOS	DER. REC. NETOS	OBRIG. REC NETAS	AXUSTES	RES. PRESUP.
a)Operacions correntes	852.486,13	791.090,48		61.395,65
B) Outras operacións non financeiras	105.096,66	130.436,51		-25.339,85
1.Total operacións non financeiras (a+b)	957.582,79	921.526,99		36.055,80
2. Activos financeiros				
3.Pasivos financeiros		15.319,62		-15.319,62
RESULTADO PRESUPPOSTARIO DO EXERCICIO	957.582,79	936.846,31		20.736,18



AXUSTES		
4. Créditos gastados financiados con remanente de tesoureria para gastos xerais	0,00	
5. Desviacións de financiación negativas do exercicio	29.015,50	
6. Desviacións de financiación positivas do exercicio	1.500,00	27.515,50
<b>RESULTADO PRESUPUESTARIO AXUSTADO</b>		<b>48.251,68</b>

### Remanentes de tesoureria

CONCEPTOS	IMPORTES	
		TOTAIS
1.- (+) Fondos líquidos		71.487,32
2.- (+) Dereitos pendentes de cobro		115.308,52
- (+) Do orzamento corrente	103.613,71	
- (+) De orzamentos pechados	8.267,76	
- (+) De operacións orzamentarias	3.461,95	
- (-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	34,90	
3.- (-) Obrigas pendentes de pagamento		38.193,77
- (-) Do orzamento corrente	7.211,34	
- (-) De orzamentos pechados		
- (-) De operacións orzamentarias	31.036,68	
- (-) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	54,25	
I.- Remanente de tesoureria total		14.862,07
II.- Saldos de dudoso cobro		4.472,91
III.- Exceso de financiación afectada		
<b>REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS</b>		<b>144.129,16</b>

A Corporación queda enterada

### 5.- APROBACION, SE PROCEDE, DOS MODELOS DE DECLARACIONES DE BENS E SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E SOBRE ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR RENDIMENTOS ECONOMICOS

A Corporación, por unanimidade dos asistentes, prestou a sua aprobación a proposta que se transcribe:

Ante a convocatoria de Eleccións Municipais a celebrar o vindeiro día 24 de maio de 2015 faise necesario proceder a aprobación dos modelos de documentos necesarios para que, tanto os Concelleiros santes como os electos procedan a realización da declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poda proporcionar ingresos económicos, así como modelo para efectuar a declaración das suas







**C O N C E L L O**  
DE  
**M O E C H E**  
(A CORUÑA)

Núm. ....

bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades, e a creación dos seus correspondientes Rexistos.

Como consecuencia, proponse o Pleno da Corporación a adpción co seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.** Aprobar o modelo de documentos necesarios para que, tanto os Concelleiros saintes como os electos procedan a realización da declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poda proporcionar ingresos económicos, así como o modelo para efectuar a declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades.

**SEGUNDO.** Aprobar a creación dos correspondentes rexistros de actividades e de bens patrimoniais.

**TERCEIRO.** Fixar os seguintes prazos de presentación:

- As declaracións dos concelleiros cesantes poderán presentarse desde que finalice o seu mandato ata que se produza o cesamento no exercicio das súas funcións.
- As declaracións dos concelleiros entrantes, desde que sexan proclamados concelleiros electos ata a data na que deban tomar posesión.
- Respecto das declaracións dos concelleiros cesantes que renoven mandato, presentarán unha soa declaración podendo optar por un ou outro momento.

**CUARTO.-** Comunicar aos representantes locais, os Membros non electos da Xunta de Goberno Local, o Persoal directivo local que, de acordo co previsto no artigo 5.2 da disposición adicional segunda da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, desempeñen nas entidades locais postos que fosen provistos mediante libre designación que deberán completar e presentar no Rexisto correspondente a seguinte documentación

- Declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poda proporcionar ingresos económicos,
- Declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo
- Copia das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades, segundo modelo normalizado.

**QUINTO.-** As declaracións de bens e actividades serán publicadas da forma establecida pola normativa vixente



## 6.- APROBACION, SE PROCEDE DO EXPEDIENTE DE ANULACIÓN DO SALDO INICIAL DE DEREITOS RECOÑECIDOS EN EJERCICIOS ANTERIORES

O Pleno da Corporación, con SEIS (6) votos a favor e TRES (3) abstencións, adoptou o seguinte ACORDO

Visto o expediente instruído para a anulación de dereitos recoñecidos e liquidados de exercicios pechados, expediente que foi informado favorablemente pola Secretaria-Interventora deste Concello, pola presente, o Pleno da Corporación, **ACORDA:**

**APROBAR DEFINITIVAMENTE** o expediente de anulación de dereitos de exercicios pechados, de acordo co seguinte detalle:

ANO	PART.	TITULAR	CONCEPTO	CAUSA DA BAIXA	IMPORTE
2.003	29000	Salvador Leal Garcia	Liquidacion ICIO	prescripción	319,21
2.009	30000	Varios	Abastecemento auga	prescripción	28,48
2.009	30000	Varios	Abastecemento auga	prescripción	28,25
2.010	30000	Varios	Abastecemento auga	prescripción	47,79
2.010	30000	Varios	Abastecemento auga	prescripción	37,43
2.011	46102	Diputación	Aportación campaña socorrismo	Dereito recoñecido en exceso	750,00
2.012	46103	Diputación	Aportación programación cultural	Dereito recoñecido en exceso	0,34
2.012	46102	Diputación	Aportación prog. deportiva	Dereito recoñecido en exceso	0,09
2.013	45002	Xunta Galicia	Aportación s. sociais primarios	Dereito recoñecido en exceso	3.753,25
<b>TOTAL.....</b>					<b>4.964,84</b>

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos servizos económicos municipais de Intervención e Tesouraría para que se proceda a dar de baixa nas contas contables e de recadación as débedas anuladas.

## 7.- POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACION DA APROBACION DOS MARCOS ORZAMENTARIOS A MEDIO PRAZO 2016-2018

Neste punto da orde do día dase conta da resolución da Alcaldía de data 13 de marzo de 2015 polo que se aproban os marcos orzamentarios a medio prazo (2016-2018), que literalmente di:

“Tendo en conta A Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, no seu artigo 6, no que se establece







**C O N C E L L O**  
DE  
**M O E C H E**  
(A CORUÑA)

Núm. ....

a obriga de remitir información sobre os marcos presupostarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos presupostos das Entidades Locais.

Esta alcaldía, considerando que carece absolutamente de datos para realizar a previsión sobre a evolución económica do Concello nos vindeiros 3 anos, e vistas as normas para a remisión dos marcos presupostarios, ditadas pola Subdirección Xeral de estudos e financiación das Entidades Locais, que establece que *De acuerdo con el artículo 15.5 de la Ley Orgánica de Estabilidad Presupuestaria, le corresponde al Ministerio de Economía y Competitividad elaborar periódicamente un informe de situación de la economía española. Dicho informe contendrá, entre otras informaciones, la tasa de referencia de crecimiento del Producto Interior Bruto de medio plazo de la economía española, que limitará la variación del gasto de las Administraciones Públicas.* Según o acordo do Consello de Ministros, de data 27 de xuño de 2014, polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto de administracións públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2015-2017 e o límite de gasto non financeiro do orzamento do estado para 2015, fixa como límite da regra de gasto o 1,5 % para o exercicio 2016 e o 1,7% para o 2017, non se establece previsión algunha para o exercicio 2018 polo que , ata que non se coñeza debe aplicarse a tasa do último ano do periodo dispoñible 1,7

Por esta Alcaldía procede a elaboración dos citados marcos, fixando como incrementos previsibles, tanto en ingresos como en gastos os indicados no devandito acordo como tasa de referencia do crecemento do produto interior bruto da economía española e considerando, como estimación para o exercicio 2018 o mesmo que o fixado para o 2017, dado que se carece de información algunha paa determinar cal pode ser o índice de crecemento do PIB para ese exercicio, deixando claro que se trata dunha previsión os únicos defectos de cumprir a obriga establecida, en consecuencia, esta Alcaldía acorda :

**Primeiro.**-Aprobar os marcos presupostarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos presupostos das Entidades Locais (período 2016/2018) que se resume no seguinte cadro.

**F.2. Datos de previsión económica do Marco (consolidado de Entidades que integran a Corporación Local (AA.PP.). Modelo simplificado (en euros).**

**Estimación de dereitos / obrigas recoñecidas netas**

INGRESOS /GASTOS	ANO 2015	TASA VAR. 2015/2016	ANO 2016	TASA VAR. 2016/2017	ANO 2017	TASA VARI. 2017/2018	ANO 2018
<b>Ingresos</b>	<b>1.490.500,00</b>	<b>1,47</b>	<b>1.512.482,50</b>	<b>1,67</b>	<b>1.537.749,36</b>	<b>1,67</b>	<b>1.563.465,89</b>
Correntes	919.100,00	1,50	932.886,50	1,70	948.725,23	1,70	964.853,35
Capital	546.400,00	1,50	554.596,00	1,70	564.024,13	17,00	573.612,54



C.I.F. P-1505000 H - Nº I.S.S. 15/035963



Financeiro	25.000,00	0,00	25.000,00	0,00	25.000,00	0,00	25.000,00
<b>Gastos</b>	<b>1.490.500,00</b>	<b>1,46</b>	<b>1.512.227,50</b>	<b>1,65</b>	<b>1.537.221,36</b>	<b>1,65</b>	<b>1.562.640,11</b>
Correntes	886.000,00	1,50	899.290,00	1,70	914.577,93	1,70	930.125,75
Capital	562.500,00	1,50	570.937,50	1,70	580.643,43	1,70	590.514,36
Financeiro	42.000,00	0,00	42.000,00	0,00	42.000,00	0,00	42.000,00
<b>Saldo op. Non Finan.</b>	<b>17.000,00</b>		<b>17.225,00</b>		<b>17.258,00</b>		<b>17.825,78</b>
Axustes para o cálculo de cap. o neces. FinancSEC95	84.349,50		84.349,50		84.349,50		84.349,50
<b>Capacidade ou Neces. De Finan.</b>	<b>101.349,50</b>		<b>101.604,50</b>		<b>101.877,50</b>		<b>102.175,28</b>
<b>Deuda viva a 31/12</b>	<b>127.384,82</b>	<b>-11,86</b>	<b>112.280,92</b>	<b>-13,45</b>	<b>97.177,52</b>	<b>-15,54</b>	<b>82.074,12</b>
A curto prazo	15.103,40	0,00	15.103,40	0,00	15.103,40	- 22,94	11.639,20
A longo prazo	112.280,92	- 13,45	97.177,52	- 15,54	82.074,12	- 14,18	70.434,92
Ratio Deuda viva/Ingresos Correntes	0,14	- 14,29	0,12	- 16,67	0,10	- 10,00	0,09

**Segundo.-** Do presente acordo darase conta o Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre”

A Corporación queda enterada

## **8.- FORA DA ORDE DO DIA: MOCION DO GURUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA O MANTEMENTO E GRATUIDADE DOS REXISTROS CIVIS**

Previa ratificación da urxencia, acordada por unanimidade dos asistentes, sometese a consideración da Corporación a moción que se transcribe, presentada polo Grupo municipal do BNG:

### **MOCIÓN PARA O MANTEMENTO E GRATUIDADE DOS REXISTROS CIVÍS EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O goberno do Estado español aprobou o pasado ano o Real decreto-Lei 8/2014, do 4 de xullo, que leva aparelado o traspaso dos rexistros civís aos rexistros da propiedade e mercantís. Desaparece, así, un servizo público que se prestaba gratuitamente á organización rexistral, onde se gravan cun Arancel as prestacións realizadas aos usuarios e usuarias. Dese xeito, un servizo até o de agora gratuíto acabará converténdose con case total seguridade en de pago obrigado. A este respecto, compre subliñar que o obxectivo do goberno do PP no seu modelo







C O N C E L L O  
DE  
M O E C H E  
(A CORUÑA)

Núm. ....

de servizos públicos privatizador é que as persoas usuarias sexan as que custeen o servizo, como xa foi introducindo na sanidade ou nos servizos sociais.

O Rexistro Civil é un servizo público e gratuíto que cumpre numerosas funcións, que son indispensables para a vida diaria de calquera persoa: inscrición de nacementos, estado civil, cambio de nome ou sexo... Hai trámites sinxelos, mais outros requiren acudir en persoa, o que o converte nun servizo imprescindible. E as persoas usuarias van ser as que precisaren expedir documentos básicos para acreditar a súa situación persoal, uns documentos que son obrigatorios para cobrar pensión, prestacións de servizos sociais ou axudas públicas. Para alén disto, en moitos casos terán que facer longos e custosos desprazamentos. pois recentemente confirmouse que o Rexistro vai ser asumido unicamente por aqueles que teñen competencias mercantis. O mapa, pois, na Galiza ficarla só con rexistros na Coruña, Santiago, Lugo. Ourense e Pontevedra, fronte á actual presenza dos rexistros civís en todos os concellos galegos.

Despois de ter investido inxentes recursos públicos para a modernización e dixitalización dos rexistros civís, agora vanse poñer en mans privadas, impondo taxas que non ingresarán nas arcas públicas senón nas dos rexistradores/as directamente. E, a maiores, a protección de datos persoais e obrigatorios que contén o Rexistro Civil queda en evidencia ao se poñer en mans de persoal que non ten o carácter de funcionariado público nin o deber de confidencialidade.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG, solicita da Corporación en Pleno, que adopte do seguinte

#### ACORDO

1. Expresar o rexeitamento ao *Real decreto-Lei 812014, do 4 de xullo, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia*, Instando ao Goberno do Estado español á inmediata derogación deste Real decreto e á paralización do traspaso do Rexistro Civil aos rexistros da propiedade e mercantís.
2. Instar á Xunta de Galicia para que demande do Goberno central que se garanta o servizo público, a atención nos xulgados de paz e a gratuidade futura nas funcións que prestan os rexistros civís.
3. Darlle traslado deste acordo ao Goberno central e á Xunta de Galiza.”

Aberto o debate toma a palabra o **Sr. Cribeiro Garcia** que manifesta que si ben, o seu grupo non tería problema en votar a favor do acordo proposto, non están de acordo coa exposición



de motivos, a **Sra. Bascoy Maceiras** pregunta en que non están de acordo, o que resposta o Sr. Cribeiro indicando que en moitas cousas, que non vai a entrar en detalles pero, por exemplo, na exposición de motivos acusase o goberno do Partido Popular da privatización dos servizos públicos sen ter en conta que os gobernos do BNG tamén privatizan os servizos públicos, propoñendo como alternativa que se suprima a exposición de motivos e se someta a consideración da corporación, exclusivamente, o texto do acordo.

Sometidas a consideración da Corporación as propostas presentadas prodúcense os seguintes resultados

Proposta presentada polo grupo municipal do BNG TRES (3) votos a favor e SEIS (6) en contra dos srs/as Cribeiro Garcia, González Aneiros, Sueiras Dopico, Bouza Sedes, López López e Carballal Pita

Emenda presentada polo Sr. Cribeiro Garcia SEIS (6) votos a favor e TRES (3) en contra dos srs/a Bascoy Maceiras, Brañas castro e Lago Tuimil

En consecuencia queda suprimida a exposición de motivos da proposta presentada polo BNG resultando aprobado o seguinte ACORDO

1. Expresar o rexeitamento ao *Real decreto-Lei 812014, do 4 de xullo, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia*, Instando ao Goberno do Estado español á inmediata derogación deste Real decreto e á paralización do traspaso do Rexistro Civil aos rexistros da propiedade e mercantís.
2. Instar á Xunta de Galicia para que demande do Goberno central que se garanta o servizo público, a atención nos xulgados de paz e a gratuidade futura nas funcións que prestan os rexistros civís.
3. Darlle traslado deste acordo ao Goberno central e á Xunta de Galiza

## **9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DOS ORGANOS DE GOBERNO**

Aberta a quenda de rogos e preguntas fórmulanse as seguintes:

**Sra. Bascoy Maceiras**

- Solicítase que se vele polo cumprimento da ordenanza sobre saca de madeiras e se revise o estado de diversas pistas que están intransitables por culpa dos tractores da madeira:







**C O N C E L L O**  
DE  
**M O E C H E**  
(A CORUÑA)


Núm. ....

Pista que vai por detrás de Finlle, a 1ª a esquerda en dirección Lavandeira, Pista de detrás de Casanova e que vai o Escolar.

- Solicita que se supervise a pista que se esta amañando en Beleiriz, para ver se se axusta o proxecto, pregunta quen vai a ser o encargado da súa recepción se se fai antes das eleccións e resposta o Alcalde que será o Sr. Bouza Sedes.
- Solicita que se proceda a reparación, ben por medios propios ou pola inclusión nun plan de obras, da pista de acceso a estación de FEVE
- Solicita a inclusión nalgún plan de obras da pista que vai as casas de Entrambasrias
- Solicita que se coloque unha varanda na ponte entre Barbelas e Vilachave, solicitude que xa foi presentada pola AA.VV. de Labacengos
- Solicita se proceda a realizar un inventario de bens deste Concello
- Pregunta se xa se obtivo resposta a consulta formulada o colexio de avogados sobre a reclamación de 27.000 € presentada polo Sr. Cribeiro polos gastos do xuízo. Resposta a Secretaria indicando que inda non se ten recibido ese informe

E, non habendo mais asuntos que tratar polo Presidente levantase a sesion sendo as 20,00 horas do dia indicado no encabezamento. Do que eu, Secretaria CERTIFICO

Vº e/Pz  
O ALCALDE

  
Asdo. Xulio Cribeiro Garcia

A SECRETARIA



